

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de febreiro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de febreiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(72).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 24 de xaneiro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(73).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “V DUATLON CROSS MAMOAS DE CANDEÁN” NO PARQUE FORESTAL DO VIXIADOR O VINDEIRO 9 DE FEBREIRO. EXPTE. 12862/333.**

Visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.01.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club Triatlon Mar de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 9 de febreiro de 2014, o “V DUATLON CROSS MAMOAS DE CANDEÁN”, este cross se levará como edicións pasadas no Parque Forestal do Vixiador en Candeán, comenzando ás 10.30 horas e rematando ás 14.00 horas aproximadamente.

**3(74).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A “MARCHA BTT A GRAN BIKEDADA” OS VINDEIROS 8 E 9 DE FEBREIRO. EXPTE. 12864/333.**

Visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.02.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club Ciclista Vigués xunto o Social Ciclismo Fan Manager, a organizar os vindeiros días 8 e 9 de febreiro de 2014, a MARCHA BTT A GRAN BIKEDADA. O sábado 8 se levarán a cabo actividades na rúa do Príncipe frento o Marco dende ás 12.00horas ata ás 19.30 horas e o domingo 9 de febreiro terá lugar unha marcha non competitiva con saída dende a rúa Príncipe e seguindo pola rúa Urzáiz, Travesía de Vigo, Jenaro de la Fuente, Aragón Avda. Aeropuerto, Cantabría, Pouleira, cño Poulo, Traida de Agua, hasta a entrada na senda do municipio de Redondela, a saída será ás 09.00 horas e rematará con todos os actos ás 19.30horas.

**4(75).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”. EXPTE. 2522/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”. Expte. 2422/443.*

*Localidade e situación: NAVIA.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.*

*Contratista titular do plan: ORECO, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: ORECO, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU).*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: ORECO, SA.*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ORECO, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(76).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20". EXPTE. 2523/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDA VG-20". Expte. 2422/443.

Localidade e situación: NAVIA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

*Autor/a do proxecto: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.*

**ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de outubro de 2013 aprobou o PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20 cun orzamento de base de licitación de 164.000,00 € Ive engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa ORECO, SA. por un prezo total de 159.080,00 € Ive engadido.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal: D. ÁLVARO CRESPO CASAL*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "ORECO, SA."*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(77).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS. FASE I". EXPTE. 2527/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: "HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS. FASE I". Expte. 2362/443.*

*Localidade e situación: RÚA FERREIROS EN BOUZAS.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

*Contratista titular do plan: EIRIÑA, SL.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MARCOS ORZA OCAMPO.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL (COORDINA).*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: EIRIÑA, SL.*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS. FASE I".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria EIRIÑA, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(78).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS. FASE I". EXPTE. 2528/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: "HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS. FASE I". Expte. 2362/443*

*Localidade e situación: RÚA FERREIROS EN BOUZAS.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ.*

#### **ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 2 de agosto de 2013 aprobou o PROXECTO DE HUMANIZACIÓN RÚA FERREIROS. FASE I, cun orzamento de base de licitación de 165.782,48 € lve engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa EIRIÑA, SL. por un prezo total de 132.377,30 € lve engadido.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnico Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "EIRIÑA, SL."

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(79).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS)”. EXPTE. 2529/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS)”. Expte. 2412/443.*

*Localidade e situación: VIAL SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS EN ZAMÁNS.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JORGE MUÑOZ RAMA.*

*Contratista titular do plan: EIRIÑA, SL..*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MARCOS ORZA OCAMPO.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL (COORDINA).*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: EIRIÑA, SL.*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS)”.*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria EIRIÑA, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(80).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS)”. EXPTE. 2530/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS)”.  
Expte. 2412/443*

*Localidade e situación: VIAL SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS EN ZAMÁNS).*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.*

#### **ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 20 de setembro de 2013 aprobou o PROXECTO DE ESTRUCTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS), cun orzamento de base de licitación de 108.758,27 € Ive engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa EIRIÑA, SL. por un prezo total de 95.272,36 € Ive engadido.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnico Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “EIRIÑA, SL.”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(81).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, LOTES 1,2 E 3”. EXPTE. 2531/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, LOTES 1, 2 e 3". Expte. 2424/443.

Localidade e situación: PARROQUIAS DE VIGO.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA. (COVSA).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOSÉ FONTENLA MARTÍNEZ (COVSA).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA. (COVSA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, LOTES 1, 2 e 3".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA. (COVSA), a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*



#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(82).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, LOTES 1,2 E 3”. EXPTE. 2532/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, LOTES 1, 2 e 3”. Expte. 2424/443.*

*Localidade e situación: PARROQUIAS DE VIGO.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ.*

#### **ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2013 aprobou o PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, LOTES 1, 2 e 3, cun orzamento de base de licitación de 588.420,83 € Ive engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras dos tres lotes á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA. (COVSA) por un prezo total de 496.575,85 € Ive engadido.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnico Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA. (COVSA)”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(83).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA)”. EXPTE. 2533/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “HUMANIZACIÓN DA AVDA DA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA)”. Expte. 2360/443.*

*Localidade e situación: AVDA HISPANIDAD.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

Autor/a do proxecto: D<sup>a</sup> MARÍA FERREIRO NÚÑEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Contratista titular do plan: ALDASA, SLU.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D<sup>a</sup> MARÍA FERREIRO NÚÑEZ.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. PABLO SÁENZ VILLAR.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL (COORDINA).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: ALDASA, SLU.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN DA AVDA DA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA)".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ALDASA, SLU., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(84).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA)”. EXPTE. 2534/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “HUMANIZACIÓN DA AVDA DA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA)”. Expte. 2360/443.*

*Localidade e situación: AVDA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA).*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D<sup>a</sup> MARÍA FERREIRO NÚÑEZ.*

**ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 2 de agosto de 2013 aprobou o PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA DA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA), cun orzamento de base de licitación de 200.000,00 € Ive engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa ALDASA, SLU. por un prezo total de 163.000,00 € Ive engadido.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnico Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “ALDASA, SLU”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(85).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “EXECUCIÓN PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA”. EXPTE. 2524/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “EXECUCIÓN PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA”. Expte. 2084/440.*

*Localidade e situación: NAVIA.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, D. IAGO ACUÑA LÓPEZ, D. ALEJANDRO LÓPEZ DOMÍNGUEZ, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.*

*Dirección facultativa: D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, DONA BEATRIZ ALONSO ASENJO.*

*Contratista titular do plan: ORECO, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, D. IAGO ACUÑA LÓPEZ, D. ALEJANDRO LÓPEZ DOMÍNGUEZ, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.*

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: ORECO, SA.  
Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU).  
Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: ORECO, SA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "EXECUCIÓN PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ORECO, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(86).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "EXECUCIÓN PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA". EXPTE. 2539/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "EXECUCIÓN PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA". Expte. 2084/440.

Localidade e situación: NAVIA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, D. IAGO ACUÑA LÓPEZ, D. ALEJANDRO LÓPEZ DOMÍNGUEZ, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.

**ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 11 de outubro de 2013 aprobou o PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA cun orzamento de base de licitación de 717.796,61 € Ive engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa ORECO, SA. por un prezo total de 605.246,10 € Ive engadido.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, DONA BEATRIZ ALONSO ASENJO.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "ORECO, SA."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(87).- SOLICITUDE DE CONSIDERACIÓN COMO AULA CEMIT (CENTRO PARA A MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA) DENTRO DO CONVENIO ENTRE A FEGAMP, A XUNTA DE GALICIA E AMTEGA. EXPTE. 6533/320.**

Visto o informe-xurídico de data 29.01.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 24.01.14, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo, por medio da concellería da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, ata o 31/12/2013, viña renovando desde o ano 2010 coa Fundación Fomento Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, un convenio de colaboración para desenvolver na comunidade unha Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica, (Rede CeMIT).*

*No ano 2014 a Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (ANTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia.*

*A Rede convértese mediante as medidas contidas no convenio asinado entre ANTEGA e a FEGAMP, nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito*

*nun instrumento esencial no acceso a productos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratéxicamente a:*

- *Aumentar a accesibilidade a internet.*
- *Avanzar na alfabetización dixital.*
- *Disminuir a fenda dixital.*
- *Mellorar a empregabilidade.*

*Os requisitos para obter a condición de aula CeMIT de referencia, son:*

- 1. Contar cun aula integrada na Rede de centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica ( Rede CeMIT).*
- 2. Que dita aula se incardine nalgún dos seguintes supostos:*
  - a) Aulas na que o nivel de actividade, no ano inmediatamente anterior, en actuacións de alfabetización e/ou inclusión dixital sexa igual ou superior ao 50 % respecto do total da actividade desenvolvida na dita aula.*
  - b) Aulas nas que o nivel de actividade, no ano inmediatamente anterior, en actuacións de alfabetización e/ou inclusión dixital estea comprendido entre o 10% e o 50 % respecto do total da actividade desenvolvida na dita aula, sempre que o número de usuarios da mesma represente unha porcentaxe superior ao 2% sobre a poboación total do concello respectivo.*
  - c) Cumprir as obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as establecidas no Convenio de colaboración, entre a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento do plan de inclusión Dixital no eido da Administración Local.*

*Na actualidade o Concello de Vigo ten en funcionamento unha aula CeMIT, instalada no Centro Local de Emprego da rúa Oporto nº1, con un nivel de actividade superior a calquera outra en funcionamento en Galicia, polo que cumpre con todos requerimentos técnicos e de actividade necesarios para a súa aceptación como aula de referencia, e non supón custe económico para o Concello de Vigo.*

*A adhesión como aula de referencia no convenio asinado entre ANTEGA e a FEGAMP, da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT), supón para o Concello de Vigo a posibilidade de obter unha subvención máxima de 15.000,00 € conforme establece a cláusula Oitava do convenio referendado.*

*Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:*

*1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMO, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.*

*2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.*

*3º.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do Concello de Vigo diante da Secretaría Xeral de Modernización e innovación Tecnolóxica, na*

*tramitación da solicitude de consideración da aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**17(88).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 24803/220.**

Visto o informe de fiscalización do 22.01.14 e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.01.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Decembro-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**18(89).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA REALIZADOS POLA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA CABALGATA DE REIS 2014. EXPTE. 24847/220.**

Visto o informe de fiscalización do 4-02.14 e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 31.01.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da "Cabalgata de Reis", aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don David Suárez Piñeiro e remata por don Abel Bueno Alonso, por unha cantidade total de 711'48 € (setecentos once euros con coarenta e oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**19(90).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO 2013. EXPTE. 24812/220.**

Visto o informe de fiscalización do 4.02.14 e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 31.01.14, conformado

pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Decembro-2013	294'00
Extinción de Incendios	Decembro-2013	1.057'00
Policia Local (Xulgados)	Decembro-2013	488'00
Policia Local (Horas en exceso)	Decembro-2013	393'00
Inspección Vías e Obras	Agosto-2013	75'00
Parque Móbil	Agosto-2013	66'15
Ospio	Agosto-2013	30'00
Parque Central	Agosto-2013	20'00
Parque Central (Servizo Limpeza)	Agosto-2013	20'00
Parque Móbil (Parque Central)	Agosto-2013	47'00
Conserxería	Decembro-2013	19'00
Cultura	Agosto-2013	5'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 26.427,77 €.

#### **20(91).- CONVOCATORIA AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2014-1ª FASE DO FONDO SOCIAL. EXPTE. 24835/220.**

Visto o informe de fiscalización do 4.02.14 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 31.01.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 22/07/2013 e remitida a este servizo en data 21/01/2014 e, en consecuencia, aprobar as convocatoria de axudas socio-sanitarias 2014-1ª Fase do Fondo de Acción Social (FAS) segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

SEGUNDO.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.



## ANEXO

### CONDICIÓN XERAIS

#### 1.- *Ámbito persoal e beneficiarios.*

*Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.*

*O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.*

*No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.*

#### 2.- *Prazo de presentación de solicitudes.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

#### 3.- *Solicitudes e documentación complementaria.*

a) *As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.*

b) *Documentación :*

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 16-03-2013 ata o 30-09-2013. Poderán presentarse facturas con data posterior ao 01-06-2012 que non foran presentadas en convocatorias anteriores.*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*

c) *Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:*

- *As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederase unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optométrista.*
- *As facturas de dentista deberán ser detalladas.*
- *A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.*
- *Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.*

d) *A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de*

*axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.*

#### *4.- Procedemento e resolución.*

- a) *Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.*

*Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.*

*Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.*

*A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.*

- b) *Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:*

*TRAMO I - Menos de 25.000 €  
TRAMO II - De 25.001 € a 28.000 €  
TRAMO III - De 28.001 € a 37.000 €  
TRAMO IV - De 37.001 € a 49.000 €  
TRAMO V - Máis de 49.001 €*

- c) *A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.*

*Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.*

*A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.*

- d) *O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.*

#### *5.- Contía da axuda.*

*A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:*

*TRAMO I - 790 €  
TRAMO II - 585 €  
TRAMO III - 435 €  
TRAMO IV - 320 €  
TRAMO V - 250 €*

*A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.*

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

**21(92).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS, MARZO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 24825/220.**

Visto o informe de fiscalización do 29.01.14 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.01.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 7.704,83 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D. O. Santiago Alonso Ferragud-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe	Ec.
70266-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Novembro 2013	120,02 €	1550
70470-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Decembro 2013	210,52 €	1550
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Decembro 2013	178,98 €	1550
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Decembro 2013	169,67 €	1550
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Decembro 2013	195,51 €	1550
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Decembro 2013	207,29 €	1550
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Decembro 2013	160,93 €	1550
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Decembro 2013	289,37 €	1550
	O.S.P.I.O.	Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	62929	Novembro-Dec. 2013	491,15 €	1550
		Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Novembro-Dec. 2013	478,42 €	1550
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Novembro-Dec. 2013	446,12 €	1550
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Novembro-Dec. 2013	410,40 €	1550
6525-320	Participación Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Decembro 2013	34,60 €	2410
10767-77	D.Local e Emprego	Pérez Durán, Gloria	36.099.404-F	79453	Novembro-Dec. 2013	12,16 €	2410
10731-77		Echegaray Pérez, Mª Be-goña	36.074.962-Z	80944	Outubro-Nov. 2013	103,99 €	2410
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Novembro-Dec. 2013	471,58 €	9221
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Novembro-Dec. 2013	458,09 €	9221
87846-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Decembro 2013	87,21 €	1330
87847-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Decembro 2013	88,35 €	1330
87848-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Decembro 2013	133,00 €	1330

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe	Ec.
28445/28450-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Decembro 2013	190,76 €	9310
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Decembro 2013	165,11 €	9310
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Decembro 2013	229,33 €	9310
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Decembro 2013	178,60 €	9310
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Decembro 2013	217,93 €	9310
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Novembro-Dec. 2013	224,12 €	1640
		Cabaleiro González, José	36.007.044-S	13600	Xullo-Decembro 2013	5,32 €	1640
		Conde Borrajo, Emilio	34.598.864-X	15326	Xullo-Decembro 2013	13,30 €	1640
		Pereira Fona, Juan José	36.074.823-J	76563	Xullo-Decembro 2013	29,26 €	1640
		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Xullo-Decembro 2013	5,32 €	1640
		Alfonso Paz, Jesús	36.093.698-M	23490	Xullo-Decembro 2013	12,54 €	1640
89449-301	Benestar Social	Vázquez Noguerol, Rosa	36.016.448-N	21210	Marzo-Abril 2013	15,96 €	2310
89857-301		Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Setembro-Outubro 2013	13,30 €	2310
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35991..455-C	15651	Novembro 2013	65,36 €	3210
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Novembro 2013	114,76 €	3210
	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Outubro-Dec. 2013	557,08 €	3134
	Limpeza	Solá Quiroga, José C.	36.036.109-P	15088	Decembro 2013	168,15 €	1620
10122, 10123, 10240-445	Parque Móbil	Alonso Ferragud, O. Santiago		16691	Outubro-Dec. 2013	751,27 €	9222
TOTAL						7.704,83 €	

**22(93).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEY 7/2007, EBEP, DE DUAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 24639/220.**

Visto o informe de fiscalización do 4.02.14 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística contidas no escrito de data 26 de novembro de 2013 asinado pola súa Xefa de Servizo e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 21.495,24€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. AROA MOSQUERA LOSADA, DNI 53.188.392-H e a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JOSÉ QUINTÁNS ACUÑA, 35.323.774-Y, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Rexistro Xeral (cód. 232).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**23(94).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEY 7/2007, EBEP, DE DOUS AXUDANTES DE OFICIOS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 24687/220.**

Visto o informe de fiscalización do 4.02.14 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.12.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 30 de outubro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 21.051,00€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral do orzamento de 2013, prorrogado para o presente ano 2014, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionaria/o interina/o por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B e a D. JAVIER VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, DNI 46.732.412-T, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332)".

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**24(95).- RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D. BENITO RAMIREZ ABAL CONTRA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DAS PUNTUACIÓNS FINAIS E RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS POLA QUENDA LIBRE (OEP 2010-2011) COA PROPOSTA DE NOMEAMENTO. EXPTE. 24787/220.**

Dáse conta do informe-proposta do secretario do Órgano de Selección do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de arquivos da Oferta de Emprego público do ano 2010, que di o seguinte:

*O órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de unha praza de técnico/a medio/a arquivos da oferta de emprego público do ano 2010, adoptou por unanimidade, elevar a Xunta de Goberno a seguinte:*

**INFORME-PROPOSTA**

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

*Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*

*Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*

*Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).*

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

*Con data 30 de decembro de 2010, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2010, integrada entre outras pola seguinte praza: Técnico/a Medio/a Arquivos (Número de vacantes: 1. Grupo A2. Escala Administración Especial), e en sesión do día 14 de setembro de 2012 aprobar as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria.*

*En data 09 de outubro de 2013 o Órgano de Selección, tendo rematado tódolos exercicios de que constaba a oposición, acorda propoñer ao Órgano competente, a Xunta de Goberno Local, o nomeamento da aspirante que obtivo a mellor puntuación e o 9 de decembro de 2013 publícase na páxina web municipal un anuncio no que se contén o acordo do órgano de selección, e se require aos aspirantes propostos para aportar documentación, co seguinte tenor literal:*

*En consecuencia, ao abeiro do disposto nas Bases Xerais (aptdo. 8.4.5), este órgano de selección acorda, por unanimidade de todos os seus membros, propoñer ao órgano competente do Concello de Vigo, o nomeamento como funcionaria de carreira a Da. MARÍA TERESA PRIETO BLASCO na praza de "TÉCNICO/A MEDIO DE ARQUIVOS", enmarcada no Grupo A, subgrupo A2, escala Administración especial, subescala técnica, clase media, que figura incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo 2010-2011.*

*De conformidade co disposto na base décimo terceira das xerais, a aspirante proposta para a toma de posesión deberá presentar no Servizo de Recursos Humanos, no prazo de 20 días naturais, contados dende a presente publicación, a documentación que xustifique as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta das mesmas.*

*A publicación da lista de aprobados é un acto de trámite que non pon fin á vía administrativa, polo que só poderá ser obxecto do recurso de alzada previsto no artigo 114 e ss. da LRXAP e PAC. O acto que pon fin a vía administrativa será o acordo da Xunta de Goberno Local autorizando o nomeamento.*

*En data 3 de xaneiro de 2014 D. Benito Ramírez Abal presentou no Rexistro Xeral do Concello Recurso de Alzada contra a publicación da lista de puntuacións finais e a resolución do órgano de selección de proposta de nomeamento o día 9 de decembro de 2013. Fundamenta o seu recurso nos seguintes motivos:*

*Previo. Sobre a facultade da Administración de revisar os actos ditados polos órganos de selección ou estimar os recursos que contra os mesmos se interpuxesen.*

*Primeiro. Sobre a vulneración do principio de especialidade na composición do órgano de selección e, polo tanto, dos principios de mérito e capacidade e do dereito fundamental a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos.*

*Non tendo presentado os devanditos recursos no prazo correspondente, non é procedente alegalos agora contra un acto de trámite do órgano de selección.*

*Segundo. Ter permitido que algúns dos participantes no proceso de selección utilizasen textos non legais para a realización dos exercicios (norma ISAD).*

*Sobre este motivo o órgano de selección manifesta que non hai constancia de que se utilizase o mencionada norma nin de que se solicitara por algún aspirante a súa utilización.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*PRIMEIRO.- Procedo admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos artigos 114 e 115 da LRXAP e PAC. O artigo 114 da LRXAP e PAC establece que:*

*"1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos.*

*2. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.*

*Se o recurso se interpuxera ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente.*

*O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."*

*SEGUNDO.- O recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso nunha serie de feitos que nada teñen que ver co acto de trámite impugnado.*

*O primeiro motivo, relativo á composición do órgano de selección, non é un motivo que teña relación directa co acto de trámite impugnado neste intre. E así, temos que facer constar que a Xunta de Goberno Local, na sesión do 24 de maio de 2013, acordou a designación dos membros integrantes dos órganos de selección e a forma de recusación dos mesmos. Neste acordo facíase constar que contra o mesmo poderíase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado desde a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.. Non tendo presentado os devanditos recursos no prazo correspondente, non é procedente alegalos agora contra un acto de trámite do órgano de selección.*

*Sobre o segundo motivo, ter permitido que algúns dos participantes no proceso de selección utilizasen textos non legais para a realización dos exercicios (norma ISAD), o órgano de selección manifesta que non hai constancia de que se utilizase a mencionada norma ISAD nin de que se solicitara por algún aspirante a súa utilización.*

*TERCEIRO.- Como se pode ver nos seus fundamentos xurídicos, o que solicita o recorrente e a nulidade total ou parcial do proceso selectivo, mentras que o que se está impugnando é un acto de trámite publicado en data 9 de decembro de 2014, que recolle o cadro de puntuacións finais e unha proposta ao Órgano competente para o nomeamento da aspirante que obtivo as mellores puntuacións, e un anuncio para que a aspirante proposta, antes do nomeamento, aporte a documentación correspondente.*

*E o recorrente non alega ningún motivo de impugnación deste acto concreto, senón motivos de impugnación que tería que ter alegado en recursos contra os actos de trámite dos que trae causa, ou, en todo caso, alegalos cando se produza o acto administrativo definitivo de nomeamento dos aspirantes propostos polo Órgano de Selección.*

*CUARTO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interperse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.*



*Non fundamentando o recorrente ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, procede desestimar o recurso de alzada interposto contra a publicación o día 30/12/2011 da proposta do órgano de selección de data 26/12/2011, xa que ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acto que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal*

*QUINTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra a publicación o día 9 de decembro de 2014 do acordo do Órgano de Selección en sesión celebrada o día 9 de outubro de 2014.*

*Por todo o anteriormente exposto, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Benito Ramírez Abal contra a publicación da lista de puntuacións finais e a resolución do órgano de selección de proposta de nomeamento o día 9 de decembro de 2013, por canto ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acto que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no artigo 107.1 do citado texto legal.*

*SEGUNDO.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(96).- APROBACIÓN DOS CUSTES ASOCIADOS DA RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA. CAMELIAS. FASE 1 (ÁLVARO CUNQUEIRO-RÚA OURENSE). EXPTE. 2329/440.**

Visto o informe de fiscalización do 6.02.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.02.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.*

*Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2012 se acorda incluír o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 0. (Álvaro Cunqueiro – Rúa Ourense).*

Con data decembro de 2012, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Esinpro, S.L. Para a Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 1. (Álvaro Cunqueiro – Rúa Ourense) , por un importe total de 678,243,98 € (IVE excluído), aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 18 de xaneiro de 2013.

En data 11 de outubro de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o "Proxecto modificado nº 1 da obra de "Reposición das redes de abastecemento da Rúa Camelias. Fase 1 (Álvaro Cunqueiro-rúa Ourense)" por un importe adicional de 132,874,11 € e unha ampliación no prazo de execución de 3 meses.

Con data 27 de xaneiro de 2014, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

En data 29 de outubro de 2013 a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 5.577,36 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto .....	2.233,18 €
• Asistencia técnica.....	2.233,18 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	558,29 €
Suma.....	5.024,65 €
11 % Gastos Xestión.....	552,71 €
Total (IVE excluído).....	5.577,36 €

O Enxeñeiro Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 27 de xaneiro que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte , PROPOSTA:

1º.- Aprobación dos costes asociados das obras de "Proxecto modificado nº 1 de Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 1. (Álvaro Cunqueiro – Rúa Ourense) ", por un importe total de 5.577,36 € (IVE excluído), dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto .....	2.233,18 €
• Asistencia técnica.....	2.233,18 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	558,29 €
Suma.....	5.024,65 €
11 % Gastos Xestión.....	552,71 €
Total (IVE excluído).....	5.577,36 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(97).- APROBACIÓN DOS CUSTES ASOCIADOS DA RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA AVDA. CAMELIAS. FASE 2 (RÚA OURENSE- RÚA DOUTOR MARAÑÓN). EXPTE. 2330/440.**

Visto o informe de fiscalización do 6.02.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.02.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de "Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 2 (Rúa Ourense – Rúa Doutor Marañón)".

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 29 de xullo de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 2 (Rúa Ourense – Rúa Doutor Marañón)", acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2013, acorda encargar á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data outubro de 2013, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Esinpro, S.L. Para a Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 2 (Rúa Ourense – Rúa Doutor Marañón)", por un importe total de 1.242.561,40 € (IVE excluído), aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 22 de novembro de 2013.

En data 3 de decembro de 2013 a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 52.156,27 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto .....	20.883,39 €
• Asistencia técnica.....	20.883,39 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	5.220,85 €
Suma.....	46.987,63 €
11 % Gastos Xestión.....	5.168,64 €
Total (IVE excluído).....	52.156,27 €

O Enxeñeiro Municipal, D. Jerónimo Centrón Castañón, indica no seu informe de data 27 de xaneiro de 2014 que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a adopción a seguinte, PROPOSTA:

1º.- Aprobar os costes asociados ao proxecto "Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 2 (Rúa Ourense – Rúa Doutor Marañón)" por importe de 52.156,27 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto .....	20.883,39 €
• Asistencia técnica.....	20.883,39 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	5.220,85 €
Suma.....	46.987,63 €
11 % Gastos Xestión.....	5.168,64 €

Total (IVE excluído)

52.156,27 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(98).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO A FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO, GAS NATURAL SERVIZOS E AS ASOCIACIÓNS FONCALOR, INSTALECTRA, APEC E ASEMACO, PARA FOMENTAR A EFICIENCIA E O AFORRO ENERXÉTICO NOS EDIFICIOS DE VIVENDAS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 2334/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.01.14, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo, a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, Gas Natural Servicios e as Asociacións FONCALIR, INSTALECTRA, APEC E ASEMACO, para fomentar a eficiencia e o aforro enerxético nos edificios de vivendas da cidade de Vigo, co texto que a continuación se indica:

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO, GAS NATURAL SERVIZOS E AS ASOCIACIÓNS FONCALOR, INSTALECTRA, APEC E ASEMACO, PARA FOMENTAR A EFICIENCIA E O AFORRO ENERXÉTICO NOS EDIFICIOS DE VIVENDAS DA CIDADE DE VIGO.*

*Reunidos en Vigo, a*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde-Presidente do CONCELLO DE VIGO, con dirección en Praza do Rei s/n e CIF P.-3605700-H.*

*Doutra parte, D. Bernardo Parajó Calvo, con DNI 52450175D, na súa calidade de Director da FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO, en adiante FAIMEVI, domiciliada en Vigo, Rúa Oporto 1 e CIF G-36921278, inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Economía e Industria co número 6/2004, intervén segundo as facultades outorgadas polo Padroado da Fundación na súa reunión ordinaria do 7 de abril de 2005.*

*Doutra parte, GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., en adiante GNS, domiciliada en Barcelona, Praza do Gas 1 e CIF A-08431090, inscrita no Rexistro Mercantil de Barcelona, Tomo 37.962, Folio 51, folla B-39.048, inscrición 171, representada por D. Miguel Ángel Bara Pérez, con DNI 50423682T, e poderes suficientes para este acto.*

*Doutra parte, a Asociación de Empresas de Instalación, Mantemento e Reparación de Auga Quente Sanitaria, Calefacción, Climatización, Contra Incendios, Electricidade, Equipos a Presión, Fontanaría, Frío Industrial, Gas, Produtos Petrolíferos Líquidos, Refrixeración, Saneamento e Ventilación, en adiante FONCALOR, domiciliada en Vigo, Avenida Martínez Garrido nº, 84, con CIF G-36615318 representada por D. José Ramón Argudín Álvarez en calidade de Presidente, con DNI 36016010B.*

*Doutra parte, a Asociación de Empresarios de Electricidade y Telecomunicacións de Pontevedra, en adiante INSTALECTRA, domiciliada en Vigo, Rúa Príncipe 22, 5ª Planta e CIF G-36640845,*

*incluída no ámbito de aplicación da Lei 1/2002, Reguladora do Dereito de Asociación, e que por resolución de data 4 de maio de 1997, visaron os seus estatutos no organismo correspondente con número 36/3, representada por D. Ignacio Piñeiro Quibén con DNI 52490595H.*

*Doutra parte, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DA CONSTRUCCIÓN DE PONTEVEDRA, en adiante APEC, domiciliada en Vigo, Rúa Real 16 baixo, organización empresarial inscrita no rexistro do SMAC co número 36/30 e CIF G-36614071, representada por D. José Luis Campos Novo en calidade de Presidente e facendo uso do poder outorgado ante notario con data de 13 de outubro de 2011.*

*Doutra parte, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MATERIAIS PARA A CONSTRUCCIÓN DE GALICIA, en adiante ASEMACO, domiciliada en Vigo, Avda. Ricardo Mella, 145-2º 36331 VIGO e CIF G-36796779, representada polo seu Presidente D. Bernardino Comesaña Goberna con CIF 35858768C.*

*Recoñecéndose todas as partes mutua e reciprocamente competencia e capacidade legal necesarias para formalizar este convenio de Colaboración,*

## **EXPOÑEN**

**I**

*A Directiva 2012/27/UE sinala que en torno ao 40% do consumo de enerxía final en Europa ten a súa orixe nos edificios. Nos países con maior nivel de desenvolvemento o consumo en edificios representa entre un 20 e un 40% del consumo de enerxía final, sendo no caso de España de un 24% e de un 37% no conxunto da Unión Europea.*

*Estímase que o 60% dos gastos totais dun bloque de vivendas corresponde á electricidade e o combustible. O maior gasto débese á climatización cunha porcentaxe sobre o consumo total de en torno ao 42%, seguido do consumo para producir auga quente co 26%, funcionamento de electrodomésticos e cociñas co 23% e a iluminación co 9%.*

*O parque de vivendas na cidade de Vigo alcanza as 133.865, polo que o potencial de aforro no sector residencial é moi importante. Mediante a aplicación de medidas de eficiencia enerxética poden conseguirse aforros de máis do 20% da enerxía consumida, equivalentes a máis de medio millón de toneladas de petróleo e, ao mesmo tempo reducir as emisións de CO<sub>2</sub> ata nun 30%. Neste parque de edificios existentes, a incorporación de novos sistemas e equipos non só aumentarían o confort dos cidadáns, axudando ademais a afrontar a difícil situación económica, senón que permitirían un firme avance nos obxectivos de seguridade, aforro de enerxía e de calidade de aire, en definitiva na sostibilidade da cidade.*

**II**

*Que o Concello de Vigo foi o promotor da creación da Axencia de Enerxía no ano 2002 e vén impulsando dende hai anos e a través do servizo enerxético municipal o aforro e a eficiencia enerxética nas instalacións municipais tanto as de iluminación pública como nos edificios municipais, así como o fomento de instalacións de enerxías renovables tanto solar térmica e fotovoltaica como enerxía eólica; con instalacións moi significativas en varias zonas da cidade.*

**III**

*Que FAIMEVI ten entre os seus fins fundacionais contribuír a reducir as emisións de CO<sub>2</sub> e doutros gases contaminantes, de modo que se consiga retardar o calentamento global do planeta, baixo unha conciencia de máxima preocupación por preservar o ámbito natural e mellorar a calidade de vida da cidadanía. Para iso, ten entre as súas prioridades fomentar medidas de aforro, eficiencia enerxética e promoción das enerxías renovables a nivel local.*

**IV**

*Que se invitaron a participar neste convenio as empresas comercializadoras de enerxía eléctrica e gas natural, dentro do término municipal do Concello de Vigo. Das cales, aceptaron participar neste convenio, as seguintes:*

*- Gas Natural Servicios SDG, S.A.*

*V*

*Que GNS é unha empresa que desenvolve a actividade de comercialización de subministracións de gas e electricidade, tendo un elevado grao de compromiso coa sociedade, o entorno e os seus clientes, para favorecer un mellor e máis eficiente consumo de enerxía, que repercuta de xeito directo no aforro e a rendibilidade, contribuindo en paralelo ao desenvolvemento sostible e ao coidado do medio.*

*Converteuse na empresa líder en Eficiencia Enerxética en España, con máis de 2.100 contratos de Xestión Enerxética e unha enerxía subministrada de 3.000 GWh/ano na actualidade.*

*VI*

*Que FONCALOR ten entre os seus fins a información, formación, xestión, coordinación e defensa dos intereses dos seus asociados en todos os seus ámbitos.*

*VII*

*Que INSTALECTRA ten entre os seus fins a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns dos seus membros e para iso ten as seguintes facultades e funcións:*

*A representación, defensa e promoción dos intereses económicos, lexítimos, sociais, empresariais, profesionais e culturais dos seus asociados, fomentar a solidariedade dos asociados, promovendo e creando servizos comúns de natureza asistencial, programar as accións necesarias para conseguir melloras sociais e económicas, organizar un constante labor formativo, empresarial e de promoción cultural dos seus asociados. En xeral, calquera outros fins que sexan de interese para o mellor desenvolvemento da actividade empresarial dos asociados.*

*VIII*

*Que APEC ten entre os seus fins, a representación das empresas integradas no Sector da Construción na Provincia de Pontevedra, levando a cabo todas aquelas accións que sexan necesarias con administracións públicas, organizacións sindicais e sociedade civil, na súa condición de axente social e empresarial.*

*IX*

*Que ASEMACO ten entre os seus fins a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns das Empresas Asociadas integrantes nesta.*

*X*

*Que todos eles manifestan o seu común interese no establecemento dun marco de colaboración especialmente orientado cara ao desenvolvemento de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética como principio básico de xestión da enerxía nos edificios de vivendas da cidade de Vigo e impulsar así mesmo a divulgación e asesoramento enerxético entre os veciños residentes da cidade. Tamén o seu desexo común de que este Convenio de Colaboración sexa o instrumento operativo para canalizar accións específicas dirixidas a satisfacer as necesidades do colectivo residencial, especialmente no ámbito da información, a difusión e a formación en materia de eficiencia enerxética e de aforro de custos fixos nos seus gastos comunitarios.*

*En virtude do exposto, todas as partes subscriben o presente Convenio de Colaboración coas seguintes*

## CLÁUSULAS

### *PRIMEIRA: Obxecto do Convenio.*

*O presente Convenio ten por finalidade a colaboración entre o CONCELLO DE VIGO, FAIMEVI, GNS, FONCALOR, INSTALECTRA, APEC e ASEMACO para o desenvolvemento de actuacións en materia de eficiencia e aforro enerxético dirixidas aos edificios existentes de vivendas na cidade de Vigo.*

### *SEGUNDA: Ámbitos de colaboración.*

*Este Convenio abrangue actuacións en materia de eficiencia enerxética. As devanditas actuacións deben ir dirixidas á mellora das instalacións comúns de utilización da enerxía, tanto térmica coma eléctrica, como por exemplo a substitución das caldeiras actuais por outras máis eficientes (como as de condensación), a utilización de combustibles menos contaminantes (como o gas natural), a instalación de sistemas solares térmicos para produción de ACS; a substitución dos sistemas de iluminación por tecnoloxías máis eficientes, incorporando detectores de presenza, reguladores de fluxo, etc.; actuacións sobre a envolvente térmica dos edificios (illamentos, revestimentos e ventás, etc.), así como calquera outra medida que contribúa á redución da demanda enerxética e das emisións de CO<sub>2</sub> derivadas da utilización de produtos enerxéticos de calquera índole.*

*A campaña desenvolverase sobre os edificios de vivendas da cidade de Vigo equipados con servizos centralizados de calefacción e auga quente sanitaria.*

### *TERCEIRA: Obrigas do Concello de Vigo.*

- Dotar a este Convenio da máxima divulgación, tanto a través da rede, coma a través dos medios físicos de que dispón, e permitir o uso da súa imaxe corporativa nas publicacións relativas á campaña, así como nos estudos técnicos que se elaboren.*
- Poñer a disposición da campaña de comunicación do Convenio os elementos de mobiliario urbano, conforme ás condicións de utilización destes, compatible coas outras campañas institucionais. Establecerase por parte do Concello en addenda a este Convenio o número e tipoloxía de elementos de mobiliario urbano que se poñerán a disposición da campaña así como a duración de exposición nestes.*
- Facilitar a tramitación abreviada dos expedientes de solicitude de licenza de obras e instalacións.*
- No ámbito do Procedemento Básico para a certificación enerxética dos edificios e de acordo ao disposto na Disposición Adicional I do Real Decreto 235/2013, do 5 de abril, para os edificios ou partes de edificios nos que o Concello de Vigo ocupe unha superficie útil total superior a 250 m<sup>2</sup> e que sexan frecuentados habitualmente polo público, realizaranse os cálculos e medicións que conduzan á expedición da certificación de eficiencia enerxética de cada edificio existente ou de parte deste e a avaliación das recomendacións para a mellora dos niveis óptimos ou rendíbles da eficiencia enerxética dos citados edificios.*
- No marco deste Convenio, os contratos de servizos enerxéticos que puidese celebrar o Concello de Vigo destinados a actuacións nos edificios da súa titularidade, levarán consigo o requisito obrigatorio para o adxudicatario da realización e entrega ao Concello da Certificación Enerxética destes conforme ao procedemento establecido polo Real Decreto 235/2013, do 5 de abril.*

### *CUARTA: Obrigas de FAIMEVI.*

1. *Asesorar tecnicamente as comunidades solicitantes no que estas requiran co fin de conseguir unha maior difusión e impacto das medidas impulsadas por este Convenio.*
2. *Intervir como mediador entre as comunidades e as empresas asinantes e/ou participantes no programa, para que en caso de desavinzas, se trate de alcanzar acordoss, antes de acudir a vía xudicial.*
3. *Elaborar informes periódicos do desenvolvemento e logros do programa, dous no primeiro ano, e polo menos un cada ano de duración adicional do programa.*
4. *Coordinar o Plan de Comunicación da campaña e organizar os eventos para a súa difusión, así como elaborar comunicados para os medios locais en colaboración co resto de participantes no Convenio e, sempre co visto e prace dos seus responsables de comunicación.*

**QUINTA: Obrigas de GNS.**

- *GNS pon a disposición dos asinantes do Convenio o produto XESTIÓN ENERXÉTICA destinado á transformación de salas de caldeiras centralizadas para calefacción e ACS, de gasóleo ou glp a gas natural ou sistemas híbridos de gas natural e sistemas solares térmicos.*
- *Tamén son obxecto do Convenio as medidas destinadas á redución dos consumos eléctricos dos edificios residenciais que o soliciten, podendo formar parte das actuacións financiáveis solucións de iluminación mediante tecnoloxía LED cuxa renovación conduza a unha redución da demanda de enerxía eléctrica.*
- *GNS poderá financiar ou asumir total ou parcialmente o investimento necesario, que incluiría:*
  5. *enxeñaría e legalizacións*
  6. *gastos de mantemento preventivo e correctivo (avarías)*
  7. *xestión Integral da explotación das instalacións*
  8. *vixilancia do rendemento e eficiencia das instalacións*
  9. *atención 24 horas - 365 días*

*A facturación do consumo e os servizos asociados compoñeráse dun termo variable en función da enerxía consumida e outro fixo en concepto de dispoñibilidade do servizo, amortización/financiamento das instalacións e mantemento cuxos valores serán establecidos entre GNS e a comunidade correspondente en función das condicións específicas de cada proxecto.*
- *Elaborar os estudos técnicos de reforma de instalacións nos edificios das comunidades que soliciten a adhesión á campaña, que cumpran as condicións desta, e que servirán de base para a proposta técnico-económica que se presentará á comunidade correspondente.*
- *Asumir os custos derivados de deseño e impresión do material soporte da campaña.*

*Fíxase inicialmente a necesidade de impresión de 10.000 dípticos destinados á acción de reparto de publicidade a domicilio nos edificios da cidade de Vigo obxecto da campaña, así como a impresión de posters para dar cobertura á exposición no mobiliario urbano que o Concello fixe como dispoñibles na addenda mencionada ao efecto.*
- *GNS contratará a execución das obras que poidan resultar dos contratos coas comunidades de propietarios, con empresas que reúnan a condición de asociados das respectivas asociacións asinantes, de acordo ás competencias de cada unha, sempre logo de acordo económico entre as partes e dentro dos parámetros de calidade, seguridade e boas prácticas esixidos aos seus provedores polo grupo Gas Natural Fenosa, co que deberán obrigatoriamente homologarse.*



- *Nos casos en que as Comunidades de Propietarios indiquen explicitamente e por escrito a súa vontade de realizar a obra con outra empresa da súa confianza que non reúna a condición de asociada da/s respectiva/s asociación/s asinante/s correspondente/s á súa actividade, será igualmente esixible o previo acordo e conformidade das partes e esta empresa deberá cumprir todos os parámetros de calidade, seguridade e boas prácticas esixidos aos seus provedores polo grupo Gas Natural Fenosa.*
- *No marco deste Convenio, os contratos de servizos enerxéticos que puidese celebrar GNS co Concello de Vigo destinados a actuacións nos edificios de titularidade municipal, levarán consigo o requisito obrigatorio da realización e entrega ao Concello da Certificación Enerxética destes conforme ao procedemento establecido polo Real Decreto 235/2013, do 5 de abril.*

*SEXTA: Obrigas de INSTALECTRA, FONCALOR, APEC e ASEMACO.*

*Dar a máxima divulgación entre os seus propios asociados do funcionamento e fins deste Convenio para que estes poidan difundir entre os seus clientes a existencia deste plan municipal, así como executar as reformas daqueles edificios participantes que se acollan á oferta de campaña, nas condicións técnico-económicas que figuren no anteproxecto base da devandita oferta, en tempo e prazo designados pola dirección técnica e previa aceptación do presuposto por parte de GNS.*

*SÉTIMA: Comisión de Seguimento.*

*Co fin de impulsar e realizar un seguimento das accións desenvolvidas en virtude do presente Convenio de Colaboración, créase unha Comisión de Seguimento formado por un representante de cada unha das partes asinantes, que se reunirá tantas veces se estimen necesarias e polo menos unha vez cada catro meses.*

*O funcionamento desta Comisión determinarase na primeira reunión deste, tendo entre as súas competencias a de interpretación do Convenio e a mediación nos conflitos que poidan xurdir na súa execución para evitar recurrir á vía xurisdiccional.*

*OITAVA: Outras Entidades Colaboradoras.*

*Por acordo da Comisión de Seguimento poderá darse entrada a outras entidades xurídicas que soliciten adquirir a condición de Entidade Colaboradora, sometendo a súa solicitude á Comisión acompañada de proposta de achegas e obrigas que adquiriría no marco do presente Convenio e que contribúan ás actuacións obxecto deste.*

*Se a devandita proposta é aceptada, poderá incorporarse o seu logotipo ao material publicitario da campaña baixo a mención "Entidade Colaboradora".*

*NOVENA: Difusión e publicidade.*

*Todas as entidades asinantes deste Convenio de Colaboración se comprometen a dotar a este Convenio da máxima difusión a través das súas páxinas web, así como a participar activamente nos eventos de difusión que no seu caso se organicen.*

*Toda publicación das actuacións relacionadas co presente Convenio deberá facer referencia á colaboración e participación de todas as partes asinantes deste.*

*Así mesmo GNS farase cargo dos custos de deseño e impresión dos soportes publicitarios da campaña, que incluírán logotipo, díptico e a cartelería soporte destinada aos espazos reservados para tal efecto no mobiliario urbano que autorice o Concello na Addenda ao respecto.*

*GNS asumirá o custo da divulgación entre os edificios potenciais da información de campaña.*

*Todas as entidades asinantes autorizan a utilización do seu logotipo nas publicacións relativas á campaña. Todos os materiais publicitarios e os documentos técnicos que se produzan, incluídos os anteproxectos e estudos técnicos, levarán os logos de todas as entidades asinantes.*

#### *DÉCIMA: Duración.*

*O presente Convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá unha vixencia dun ano. Chegado o seu vencemento non se entenderá prorrogado salvo acordo expreso das partes nese. Podrá prorrogarse por períodos da mesma duración só por acordo expreso das partes adotado antes do seu vencemento.*

*A duración da campaña terá lugar dende a data de firma do Convenio ata o 31/12/2014, se ben a impresión de materiais, distribución destes e utilización da campaña publicitaria de comunicación do convenio nos espazos reservados polo Concello terá lugar nas seguintes fases:*

*1ª Fase: Primeira quincena de febreiro 2014.*

*2ª Fase: Primeira quincena de marzo 2014.*

#### *DÉCIMOPRIMEIRA: Resolución do Convenio.*

*Calquera das partes poderá resolver o presente Convenio mediante comunicación escrita dirixida á Comisión de Seguimento cun preaviso de tres meses.*

#### *DÉCIMOSEGUNDA: Causas de cese dun membro.*

- 1. O incumprimento de obrigas asumidas no presente Convenio, sen remedialo no prazo de 15 días dende que a Comisión lle notificase o devandito incumprimento.*
- 2. A disolución ou liquidación ou cesamento de actividade de calquera das partes.*
- 3. Cando concorra calquera outra causa establecida por lei.*

*A comunicación de renuncia de calquera das partes obrigará á convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento, na que se decidirá sobre a continuidade das actividades do Convenio, podendo acordar no seu caso o cesamento total de actividades, se así o decide a comisión por maioría simple dos restantes participantes.*

#### *DÉCIMOTERCEIRA: Propiedade Intelectual e Industrial.*

*As partes recoñecen ser titulares de todos os dereitos sobre os seus logos, marcas, e nomes comerciais, sobre os seus produtos e servizos. As partes autorízanse coa única finalidade derivada do obxecto do presente Convenio ao uso dos seus logos, marcas e nomes comerciais para os sós efectos de dar cumprimento ás obrigas neste recollidas.*

#### *DÉCIMOCUARTA: Confidencialidade.*

*As partes obríganse mutua e reciprocamente durante e con posterioridade á vixencia do presente Convenio a tratar toda a información á que teñan acceso con motivo deste, así como as informacións que se faciliten mutuamente, de forma estritamente confidencial, utilizándoa única e exclusivamente para os fins acordados e adoptando as medidas de seguridade necesarias para que o seu contido non se divulgue a terceiros.*

*As partes poderán facer uso nas súas actividades de difusión dos indicadores agregados ou xenéricos de impacto, no que se refire aos impactos económicos, as tecnoloxías empregadas, a redución de consumo enerxético e redución de emisións de CO<sub>2</sub>. A utilización de datos específicos unicamente será posible logo de autorización escrita das entidades asinantes que tivesen participación directa no proxecto e da comunidade de propietarios na que se tivesen levado a cabo as actuacións.*

*DÉCIMOQUINTA: Natureza xurídica e xurisdicción competente.*

- 1. O presente convenio conta con natureza administrativa e na súa execución rexerese polo ordeamento xurídico administrativo.*
- 2. Para a resolución das controversias que puideran xurdir na súa execución, as partes sométense aos xulgados e tribunais do contencioso-administrativo de Vigo, con excución do seu propio fuero.*

*En proba de conformidade todas as partes asinan o presente Convenio, en sete exemplares un para cada un dos participantes, no lugar e data indicados no encabezamento.*

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **28(99).- DESESTIMENTO DO CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO PARA A ORDENACIÓN DA PARCELA EXISTENTE EN TOMÁS ALONSO Nº 207 NO LUGAR COÑECIDO COMO CASTRO-CASTRIÑO (AOP-10). EXPTE. 7266/411.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 3.02.14, conformado polo director de Desenvolvemento Urbanístico e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*O día 04.05.1993, o Pleno do Concello aprobou inicialmente o PERI II-03 Castro Castriño, creado no expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU-88 á LASGA, que ordenaba un ámbito de 25.250 m<sup>2</sup> con fronte a Tomás A. Alonso e á curva de San Gregorio, definindo varias unidades de actuación. Na mesma sesión plenaria, aprobouse inicialmente os estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da UA I do dito PERI II-03 Castro Castriño, definitivamente aprobados en sesión do 28.07.1993.*

*O día 15.11.1993, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o PERI II-03 Castro Castriño, presentado por D. Gumersindo Rivera Martínez e redactado polo arquitecto D. José Herrero García, con visado do COAG de data 23.03.1993, coa documentación final visada o día 21.10.1993.*

*Con data 16.09.1994, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o proxecto de compensación da referida unidade de actuación, resultando adxudicadas a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández, entre outras, as parcelas de resultado B, C, D e E, con edificabilidades destinadas a vivenda unifamiliar.*

O proxecto de urbanización da UA I do PERI II-03 Castro Castriño, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Alberto Moreno García, foi aprobado definitivamente o día 03.11.1994 polo Pleno do Concello de Vigo e as obras de urbanización foron parcialmente recibidas o día 18.12.1998 polo Consello da XMU, non constando, na actualidade, a súa recepción definitiva ao non terse producido a entrega formal dos terreos pendentes de urbanizar (fondo de saco e sendeiro peonil).

O día 20.10.2000, o Pleno do Concello de Vigo acordou por unanimidade, a proposta do Sr. Alcalde – Presidente, proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e, logo da tramitación procedimental oportuna, en sesión extraordinaria do día 30.12.2004, acordou aprobar inicialmente o PXOM, na súa última versión de decembro de 2004, xunto cos convenios urbanísticos unidos como anexo a súa Memoria.

No marco do procedemento de revisión do PXOU-93, o Concello de Vigo tramitou un Convenio Urbanístico no ámbito das parcelas de resultado B, C, D, E do proxecto de compensación da U.A. I do PERI II-03 Castro Castriño, baixo a rúbrica Convenio Urbanístico de planeamento para a ordenación da parcela existente no número 207 da rúa Tomás A. Alonso.

Rematado o período de exposición pública e recabados os informes sectoriais correspondentes, o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 19.05.2006, acordou, entre outros extremos, aprobar provisionalmente o PXOM na súa última versión, datada en decembro de 2005 (versión 2) elaborado pola mercantil “Consultora Galega, S.L.” mediante contrato de asistencia técnica, así como os convenios urbanísticos de planeamento unidos como Anexo a súa Memoria, coas correccións sinaladas na parte expositiva do dito acordo plenario, así como non ratificar os convenios de planeamento subscritos con carácter preparatorio e non incorporados á versión final do PXOM, desistindo dos mesmos na procura de acadar a mellor ordenación urbanística posible en exercicio da potestade discrecional de planeamento.

Consta a conformidade de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández co texto do Convenio Urbanístico proposto para aprobación provisional, aos efectos do previsto no artigo 237.3 da LOUGA, segundo expresa a diligencia estendida en data 07.12.2007, polo técnico de admón.xeral e, en virtude do que, abordábase a ordenación dunha parcela duns 2666,5 m<sup>2</sup> de superficie, sita no n<sup>o</sup>. 207 da rúa Tomás A. Alonso, como unha área de solo urbano consolidado con aplicación da ordenanza de Bloque aberto cun máximo de 3.500 m<sup>2</sup> de aproveitamento lucrativo construíbles, cunha altura máxima de dez prantas e cun uso característico de residencial en vivenda colectiva, compatible con usos terciarios e dotacionais; comprometéndose a propiedade a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo, libre de cargas, os terreos da súa titularidade constitutivos de espazos libres e zonas verdes reflectidos no plano que se xuntaba ao mesmo, cunha extensión aproximada de 2000 m<sup>2</sup>; a ceder a edificación de 360 m<sup>2</sup> existente nesa parcela para o seu destino a zonas verdes (referida na estipulación segunda do Convenio Urbanístico); a efectuar as anteriores cesións antes de transcorridos 30 días dende a aprobación definitiva do PXOM; a completar a urbanización e solicitar licenza de edificación antes de transcorridos dous anos dende a aprobación definitiva do PXOM e a construír logo de concedida a licenza. Igualmente, comprometéase ao financiamento da rehabilitación da edificación obxecto de cesión e a retirar o recurso plantexado en relación cos terreos obxecto do Convenio Urbanístico ou, de ditarse sentenza antes da aprobación definitiva do PXOM, renunciar á execución da resolución xudicial que recaera (sentenza que foi ditada o día 26.10.2006 polo TSXG).

Tras das vicisitudes que obran no expediente administrativo de razón, o Pleno municipal en sesión extraordinaria do día 29.12.2007, acordou, entre outros extremos, outorgar ao PXOM unha nova aprobación provisional, na súa última versión rectificada e corrixida, elaborada pola mercantil “Consultora Galega, S.L.”, así como aos convenios urbanísticos de planeamento unidos como Anexo, substituindo ese acordo plenario ao adoptado o anterior 19.05.2006 a todos os efectos e non aprobar os convenios de planeamento subscritos con carácter preparatorio e non incorporados á versión final do PXOM nova e provisionalmente aprobado,

*desistindo de ditos convenios na procura de acadar a mellor ordenación urbanística posible en exercicio da potestade discrecional de planeamento.*

*O texto do Convenio Urbanístico referido ("Proposta previa á segunda aprobación") formou parte da documentación sometida á COTOPT, aos efectos do artigo 85.5 da LOUGA, segundo consta na dilixencia do 02.01.2008 estendida P.D. do Secretario, que figura no documento.*

*Consta, así mesmo, que, con fundamento na ordenación prevista no citado Convenio Urbanístico, a entidade mercantil "Rodrigo Arbones Bares, S.L.", solicitou no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de obras para construír un edificio para uso residencial composto de catro sotos para garaxe aparcamento, baixo porticado e dez plantas; unha delas recuada para uso de vivanda colectiva, cun total de 44 vivandas, na rúa Tomás A. Alonso, 207, segundo proxecto básico redactado polo arquitecto don Francisco Javier Álvarez Rodríguez; visado polo colexio profesional con data 10 de abril de 2008.*

*Por Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 aprobouse parcial e definitivamente o PXOM de Vigo (DOG nº. 106, do 03.06.2008), deixando en suspenso as áreas, determinacións e documentos cuxa subsanación esixiu (BOP nº. 151 -Suplemento- do 06.08.2008) e mediante Orde do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (DOG nº. 144, do 24.07.2009), aprobouse o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008, cuxo apartado "Modificacións aos Anexos á Ordenanza 16", modificación décimo cuarta, contemplou o Anexo nº. 10 á Ordenanza 16 do PXOM, rubricado "Castro Castriño", incorporando ao PXOM de Vigo a ordenación derivada do Convenio Urbanístico de referencia (BOP nº. 175, do 10.09.2009).*

*Mediante comunicación da Xerente de Urbanismo do 04.09.2009 (notificado o 15.09.2009) informouse a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández que "(...) De acordo co establecido no punto 4º do artigo 237 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, unha vez comunicada a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal, os asinantes dos convenios de planeamento deben asinar o texto definitivo dos convenios no prazo máximo de quince días hábiles dende a comunicación. Transcurrido o dito prazo, entenderase que desisten dos efectos do convenio. (...) solicítaselle que se poña en contacto coa oficina de planeamento e xestión para que se concrete a data de sinatura do texto definitivo que será sempre con anterioridade ós quince días dende a recepción da presente comunicación".*

*Con data 25.02.2010, os arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais emitiron informe sobre as condicións arquitectónicas do Chalet sito na rúa Tomás Alonso nº. 207 para acoller un uso educativo de escola infantil, cuantificando as obras necesarias na cantidade de 345.652,16 euros.*

*O día 12.04.2010, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández presentou un escrito (doc. 100047466) informando da declaración de caducidade dun recurso contencioso-administrativo interposto contra o PXOM de Vigo no relativo ao dito Convenio Urbanístico e en data 12.07.2010 (doc. 100095019) solicitou entrevista co Delegado de Urbanismo e Vivenda en relación co asunto de referencia.*

*O día 09.07.2013, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130080791) un escrito solicitando o sinalamento de día e hora para firma do nomeado Convenio Urbanístico, sendo informada a representación letrada da solicitante das concretas obrigas asumidas no mesmo pola propiedade.*

*O día 08.10.2013, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115378) un novo escrito comunicando a imposibilidade dar cumprimento ás obrigas asumidas naquel Convenio Urbanístico, afirmando que o seu cumprimento obrigaríalle a abandonar a vivanda na que reside, carecendo doutra (segundo afirma) e a aboar a cantidade de 345.652,16 € que afirma non dispoñer, así como a renunciar á indemnización que lle fora recoñecida xudicialmente en data 26.10.2006 polo TSXG, polo que, ante a certeza da imposibilidade do cumprimento das súas cláusulas, manifesta renunciar formal e expresamente*

a súa sinatura e solicita a adopción dos acordos pertinentes para que a ordenación do ámbito se mantéña consonte ao previsto no PERI II-03 Castro Castriño.

O día 08.10.2013, D. Rodrigo Arbones Bares, actuando en representación da mercantil "Rodrigo Arbones Bares, S.L.", presentou un escrito no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115370) desistindo da solicitude de licenza de obra na parcela afectada polo dito Convenio Urbanístico e o día 28.11.2013, a Vicepresidenta da XMU, ditou resolución aceptando o desistimento formulado, declarando concluído o procedemento e ordenado o arquivo do expediente.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

##### I. Normativa examinada:

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (LRRRU)
- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDUG)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 29/1998, de 13 de abril, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo (LRXCA)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010.

##### II. Tramitación do Convenio Urbanístico no procedemento de aprobación do PXOM de Vigo e posterior desistimento.

O Convenio Urbanístico de referencia tramitouse dentro do procedemento de revisión do PXOU-93 de Vigo, tendo a natureza dun convenio de planeamento dos definidos no artigo 234.1.a) da LOUGA, ao pertencer á categoría daqueles que inclúen ou poden ter como consecuencia ou resultado, posibles modificacións do planeamento urbanístico, ben directamente, ben por ser éstas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

O fundamento deste tipo de convenios se encontra na súa consideración de instrumentos de acción concertada que, na práctica, poden asegurar unha actuación urbanística eficaz, a consecución dos obxectivos concretos e a execución efectiva de actuacións beneficiosas para o interese xeral, permitindo a participación pública, constituíndo unha manifestación da capacidade das Administracións públicas de

celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, prevista, con carácter xenérico, no artigo 88 da LRXAP-PAC. Ademais, de acordo co disposto no artigo 233.2 da LOUGA, a súa negociación, celebración e cumprimento rexeráse polos principios de transparencia e publicidade.

Pois ben, recoñecida no artigo 233.4 da LOUGA a súa natureza xurídico-administrativa, a súa tramitación rexeráse polo disposto no artigo 237 da LOUGA, que establece:

*"1. Una vez negociados y suscritos, los convenios se someterán al trámite de información pública, mediante anuncio publicado en el Diario Oficial de Galicia y en, al menos, uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia, por un periodo mínimo de veinte días.*

*2. Cuando la negociación de un convenio coincida con la tramitación del procedimiento de aprobación del instrumento de planeamiento con el que guarde directa relación, deberá incluirse el texto íntegro del convenio en la documentación sometida a información pública propia de dicho procedimiento, sustituyendo ésta a la prevista en el número anterior.*

*3. Tras la información pública, el órgano que hubiera negociado el convenio deberá, a la vista de las alegaciones, elaborar una propuesta de texto definitivo del convenio, de la que se dará vista a la persona o personas que hubieran negociado y suscrito el texto inicial para su aceptación, reparos o, en su caso, renuncia.*

*4. El texto definitivo de los convenios habrá de ratificarse por el órgano competente, debiendo firmarse dentro de los quince días siguientes a la notificación de la aprobación del texto definitivo por la persona o personas interesadas, privadas o públicas. Transcurrido dicho plazo sin que tal firma haya tenido lugar, se entenderá que renuncian a aquél".*

Do seu carácter xurídico-administrativo advertía tamén a súa estipulación quinta, na que facíase constar que para a súa formalización e perfeccionamento estaríase ao disposto no artigo 237 da LOUGA, tendo en conta que carecerá de efectos, en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo pleno municipal, e asinado posteriormente e que se unha vez aprobado definitivamente polo pleno, a Propiedade non firmara o Convenio, o Concello resérvase a facultade de modificar as determinacións de planeamento aquí convidadas, en cuxo caso será de aplicación o previsto no parágrafo primeiro da Estipulación Sétima.

Neste senso, debe sinalarse que D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández prestou formalmente a súa conformidade ao texto do Convenio Urbanístico sometido a aprobación provisional do Pleno do Concello de Vigo (segunda aprobación provisional do PXOM de Vigo), de acordo co reflectido na dilixencia asinada con data 07.12.2007 polo técnico de admón.xeral., resultando aprobados na sesión plenaria extraordinaria de data 29.12.2007, os convenios de planeamento unidos como Anexo. En consecuencia, o dito Convenio Urbanístico foi remitido á COTOPT aos efectos do artigo 85.5 da LOUGA. Non obstante, non consta que tivera lugar a súa sinatura dentro do prazo previsto no artigo 237.4 da LOUGA.

Publicada a Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009, a Xerente da XMU dirixiu requirimento a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández comunicándolle a aprobación da ordenación da parcela obxecto do Convenio Urbanístico e instando á propiedade para que no prazo de quince días dende a recepción desa comunicación se puxera en contacto coa Administración urbanística para proceder á sinatura do texto definitivo. Significábaselle, ademais, que transcurrido o dito prazo entenderíase que desistía dos seus efectos, podendo a Administración entender producida a renuncia prevista no artigo 237.4 da LOUGA.

As circunstancias polas que o dito texto definitivo tampouco foi asinado nos termos requiridos pola Xerente da XMU no seu escrito de día 04.09.2009, non constan expresadas no expediente, aínda que consta, entre outros antecedentes, que o día 23.07.2010, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 100100246) escrito de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández solicitando reunión para a firma do Convenio Urbanístico recollido no PXOM; a existencia dun recurso contencioso-administrativo contra a Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 no relativo ao dito Convenio Urbanístico, cuxa caducidade foi declarada polo TSXG no Auto de día 23.12.2009 (P.O.: 4689/2008), e que os terreos

adquiridos libre e gratuítemente polo Concello de Vigo a razón da aprobación definitiva do proxecto de compensación da UA I do PERI II-03 Castro Castriño, como superficies de cesión obrigatoria, non foron postas a disposición da Xunta de Compensación pola propiedade de orixe (D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández) para que puideran ser rematadas as obras de urbanización do ámbito, recibidas polo Concello de Vigo e destinadas aos usos previstos no planeamento.

Neste estado de cousas, o 18.04.2013 o aparelador municipal da Oficina de Licenzas asinou un requirimento dirixido á mercantil "RODRIGO ARBONES BARES, S.L." no que comunica, entre outros puntos, que para poder continuar coa tramitación da licenza de obras debería asinarse previamente o citado Convenio Urbanístico.

Con estes antecedentes, o día 09.07.2013 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130080791) un escrito de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández solicitando o sinalamento de día e hora para a firma do aludido Convenio Urbanístico, explicando que a propiedade adquiriría nel, ademais do compromiso de ceder gratuítemente terreos da súa titularidade, o de renunciar á execución da sentenza do TSXG do 26.10.2006, ditada no recurso contencioso-administrativo substanciado no P.O.: 4127/2003 e entendía que a caducidade para instar dita execución xudicial remataría en breve.

En cumprimento do requirimento remitido dende a oficina municipal de licenzas, o día 08.07.2013 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130079880) escrito da mercantil "RODRIGO ARBONES BARES, S.L." aportando documentación para a tramitación da licenza solicitada.

Sen embargo, o día 08.10.2013, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernandez presentou un escrito no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115378) formalizando a súa renuncia a asinar o Convenio Urbanístico e comunicando a certeza de que lle resultaría imposible o cumprimento das súas cláusulas, dado que elo, segundo afirma, obrigáralle a abandonar a súa vivenda, sen ter outra na que residir, e a afrontar o aboamento da cantidade de 345.652,16 euros da que no dispón (segundo manifesta), renunciado tamén á indemnización que lle fóra recoñecida na sentenza do TSXG do 26.10.2006. Tras da presentación deste escrito de renuncia, a mercantil "RODRIGO ARBONES BARES, S.L." desistiu da tramitación da licenza, arquivándose o procedemento en virtude de Resolución do día 28.11.2013 da Vicepresidenta da XMU.

Pois ben, á vista do disposto no artigo 237 da LOUGA, da incorporación ao PXOM de Vigo das determinacións previstas naquel Convenio Urbanístico e da ausencia dun texto definitivo asinado pola propiedade e o Concello de Vigo, cabe deducir que, se ben recolléronse no PXOM as determinacións contidas nel, o Convenio Urbanístico tívose por non perfeccionado, requisito preciso para o xurdimento da figura do incumprimento contractual (estipulación octava do convenio) e, así pois, a renuncia á sinatura formalizada por D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández conleva o expreso desistimento do mesmo (estipulación quinta do convenio e artigo 237.4 da LOUGA).

Sobre a forma e efectos do desistimento e da renuncia, as normas do procedemento común, prevén no artigo 91 da LRXAP-PAC, que poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, aceptándoa de plano a Administración e declarando concluso o procedemento, agás que persoas terceiros interesados no expediente, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados do desistimento.

Finalmente, aínda que o artigo 237.4 in fine da LOUGA non establece que a renuncia á sinatura dun Convenio Urbanístico polo transcurso do prazo legalmente previsto, deba ser expresamente acordada ou declarada pola Administración, as singularidades procedimentais do caso e os actos propios da Administración e da propiedade, fan aconsellable a adopción dun acordo expreso en relación co escrito formalizado o día 08.10.2013 (doc. 130115378) por D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández, que permita dar por concluído o procedemento seguido para a súa negociación, sinatura e efectos e, a partir do que, podan deducirse as consecuencias xurídicas que procedan, toda vez que a interesada non só ten manifestado a



súa intención de non asinar nin cumprir o nel estipulado, senón que ten iniciado actuacións contrarias ás obrigas que asumira no mesmo.

### III. Estudo da ordenación e suspensión de licenzas

As determinacións urbanísticas reflectidas nas estipulacións do Convenio Urbanístico de referencia, incorporáronse ao PXOM de Vigo no Anexo 10 á Ordenanza 16 Castro Castriño. Así, de acordo co dito anexo a presente AOP ten por obxecto acaer a ordenación pola proposta de convenio que se incorpora ao presente PXOM para a súa tramitación conxunta, ao disposto na normativa do plan respecto da ordenanza 16, sendo así que, a parcela sita ao nº. 207 de Tomás A. Alonso incorporouse como un ámbito de solo urbano consolidado con ordenación pormenorizada, cunha tipoloxía edificatoria de edificación illada en bloques abertos e cun uso característico residencial, clase vivenda, categoría 2ª.

Actualmente, esta ordenación está aprobada e publicada (DOG nº. 144, do 24.07.2009 e BOP nº. 175, do 10.09.2009), sen que se dera cumprimento por parte de Dª. Montserrat Bares Fernández a ningunha das estipulacións do Convenio Urbanístico que xustificara aquela ordenación.

É por elo, que no relativo á solicitude tamén realizada por Dª. Montserrat Bares Fernández o día 08.10.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115378), de recuperación da ordenación prevista no PERI II-03 Castro Castriño (esto é, a derivada da execución da ordenación prevista no PXOU-93) para os terreos de referencia, procedería estudar a situación xerada polo renuncia á sinatura do Convenio Urbanístico, de forma que se poda definir a ordenación que mellor satisfaga o interese xeral e evitar situacións de desequilibrio no reparto de beneficios e cargas do planeamento, o que pode abordarse a través dunha modificación puntual do PXOM de Vigo. Polo tanto, sendo o planeamento urbanístico cuestión de interese xeral, corresponderá ao Concello de Vigo, no exercicio das súas facultades planificadoras, outorgar aos terreos de referencia a ordenación que proceda e que mellor satisfaga aquel interese xeral (artigo 94 da LOUGA).

Certamente, de acordo co disposto no artigo 3.1 do TRLS08, a ordenación territorial e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo de acordo ao destino deste. Esta determinación non confire dereito a esixir indemnización, agás nos casos expresamente establecidos polas leis e o exercicio da potestade de ordenación territorial e urbanística deberá ser motivado, con expresión dos intereses xerais a que serve.

A potestade de planeamento esténdese á reforma deste, posto que a natureza regulamentaria dos plans e a necesidade de adaptalos ás esixencias cambiantes da realidade, xustifican plenamente o ius variandi, de forma que o contido do dereito particular de propiedade inmobiliaria será, en cada momento, o que derive da ordenación urbanística, admitíndose a súa modificación sempre que o ius variandi veña determinado pola congruencia das solucións concretas elixidas coas liñas directrices que deseñan o planeamento, o respecto aos estándares legais acollidos no mesmo e a súa adecuación aos datos obxectivos nos que se apoian.

A tal efecto, os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico, poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas o usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma, suspensión que se alzará no prazo máximo dun ano. Se dentro dese prazo tivera lugar a súa aprobación inicial manterase a suspensión nos termos previstos no artigo 77 da LOUGA.

A figura da suspensión é un instrumento finalista que trata de impedir obstáculos que dificulten a execución do planeamento futuro e, polo tanto, funciona como medida cautelar encamiñada a asegurar a súa

*efectividade, impedindo que se produzan aproveitamentos de solo que, pese a ser conformes coa ordenación en vigor, dificulten a realización efectiva da nova ordenación que se aprobe.*

*O ámbito de suspensión de licenzas que se acorde, de ser o caso, corresponderase co descrito no Expoñendo II do Convenio Urbanístico (parcela de 2666,5 m<sup>2</sup> aproximadamente sita no número 207 da rúa Tomás A. Alonso, xunto coa edificación existente e as superficies de cesión referidas nas súas estipulacións) e ordenados no PXOM de Vigo na AOP-10.*

#### *IV. Órgano competente*

*É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello de Vigo en virtude do disposto no artigo 123.1, letra i) da LRBRL, na súa relación cos artigos 235 e 77 da LOUGA, por proposta do Consello da XMU (artigo 10º.1 dos Estatutos da XMU).*

*Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Ter por desistida a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández do Convenio Urbanístico de Planeamento para a ordenación da parcela existente en Tomás Alonso nº. 207, no lugar coñecido como Castro Castriño (AOP-10), incorporado no procedemento de aprobación do PXOM de Vigo, dar por concluídas as actuacións seguidas para a súa sinatura e efectos, procedendo o seu arquivo.*

*SEGUNDO: Iniciar o procedemento para a redacción e informe dunha modificación puntual de planeamento xeral no ámbito definido no dito Convenio Urbanístico e suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificacións e demolicións no ámbito afectado polo prazo máximo dun ano, a fin de estudar a súa formación ou reforma, de conformidade co disposto no artigo 77.1 da LOUGA e proceder á publicación do presente acordo no DOGA e nun dos periódicos de maior difusión da provincia.*

*TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á interesada, significándolle que pon fin á vía administrativa e fronte poderá interpoñer potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses, contado en ambos casos a partir do seguinte a súa notificación, se ben contra o apartado dispositivo segundo unicamente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende a súa publicación.*

*Non obstante, este informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.*

Con data 7.02.14, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo emite dictame favorable.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á proposta contida no precedente informe.

### **29(100).- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN O SORTEO DOS POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5472/551.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico da xefa de Recursos e Asesoramento, do 4.02.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Comercio, por encomenda o enxeñeiro municipal, do 4.02.14, conformado polo concelleiro delegado de Distritos, Limpeza, Parques, Xardíns e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente as bases para o sorteo dos postos do Mercado do Progreso que figuran coma ANEXO I da presente proposta, outogándolles aos interesados o prazo de dez días para efectuar alegacións e suxerencias ás mesmas.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo e os seus Anexos aos titulares de concesións de dominio que figuran como Anexo II do presente.

ANEXO I.- PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DO SORTEO DE POSTOS  
NO MERCADO DO PROGRESO

*PRIMEIRA.- Unha vez adxudicado o contrato para a "Xestión Integral do Servizo Público de Mercado no "Mercado Municipal Do Progreso" mediante a modalidade de Concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible"(exped 5240/551) e aprobado o proxecto definitivo complementario do Mercado do Progreso, se someterá á aprobación da Xunta de Goberno Local, oído o adxudicatario do concerto, a aprobación da relación dos postos obxecto de sorteo e dos postos obxecto de adxudicación directa, así coma o canon mensual para o 2014 de cada un deles e se remitirá a tódolos interesados plano da súa Planta Baixa con indicación dos postos obxecto de sorteo, canon mensual definitivo para cada posto e data do sorteo público da orde de petición dos postos para todos aqueles que teñan máis dun adxudicatario por categoría e non fosen adxudicados directamente.*

*SEGUNDA.- Si con anterioridade á data do sorteo, todos os adxudicatarios dunha mesma tipoloxía presentan proposta conxunta de adxudicación asinada por todos eles, os da dita tipoloxía xa non serán sorteados e serán adxudicados conforme coa dita proposta.*

*TERCEIRA.- Para a realización do sorteo otorgaráselle un número a cada expediente de outorgamento de concesión, e no momento do sorteo serán extraídos números sucesivamente que determinarán a orde pola que o titular da concesión á que se refire o dito expediente será chamado a elixir o seu posto.*

*CUARTA.- No prazo aproximado de dez días dende a realización do sorteo da orde de chamada para a elección dos postos, os adxudicatarios serán notificados para comparecer e elixir, en acto público, o seu posto.*

*Con anterioridade a este acto, poderán presentar escrito no que determinen a súa elección de posto, por orde de preferencia, nun número deles igual ao seu ordinal na elección (así, por exemplo, o titular do posto que elixa en quinto lugar, indicará por orde de preferencia cinco postos e quen elixa de oitavo lugar, oito postos). Neste caso de elección de posto mediante escrito previo, lle será adxudicado o primeiro dos elixidos que non tivese sido adxudicado aos adxudicatarios de concesións da mesma tipoloxía que tiñan preferencia na elección.*

*O escrito referido poderá ser presentado en calquer rexistro público axeitado conforme á normativa vixente, pero quen presente escrito en Rexistro distinto do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, deberá remitir ao fax 986228592 copia selada do documento presentado antes das 14:00*

horas do día anterior á data fixada para o acto da elección de postos; caso contrario, a súa solicitude non será tida en conta e se aplicará a Base Sexta.

QUINTA.- *Quen tivese presentado o escrito ó que se refire a Base Cuarta e desexe substituílo por unha solicitude verbal no sorteo, deberá comunicalo presencialmente o día do sorteo e antes do inicio de éste, recolléndose a dita manifestación na acta que se formalice.*

SEXTA.- *Quen non presente escrito de elección ou o presente de tal xeito que non lle poda ser adxudicado ningún dos postos por él elexidos, e que non atenda ao chamamento para a solicitude presencial do posto no intre do acto en que éste se produza, lle será adxudicado de oficio o posto sobrante; se houbese máis de un posible por tipoloxía, se adxudicarán por sorteo.*

SÉTIMA.- *Os titulares das concesións sobre os postos poderán pospoñer a súa elección a calquera ordinal posterior ao que lle corresponda, comunicando a dita circunstancia ao Secretario da Mesa cando sexan chamados a elixir, quen o reflectirá no acta. Esta circunstancia prevese para aqueles casos nos que se desexe optar a ter un colindante concreto ou, previa autorización municipal, se pretenda proceder á agrupación de postos colindantes. Para estes casos, será imprescindible a manifestación presencial do adxudicatario no acto de elección de postos.*

OITAVA.- *Os adxudicatarios que elixan no acto público deberán acudir ao mesmo debidamente identificados cón seu DNI ou documento equivalente (exclusivamente, pasaporte ou tarxeta de residente). Tamén poderán actuar por medio de representante, quen deberá acudir igualmente identificado e provisto de poder notarial expreso e bastantado con anterioridade pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.*

## ANEXO II.- RELACIÓN INICIAL DE ADXUDICATARIOS DE POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO

TIPO	Posto	expediente	Nome adxudicatario
Bancada peixe	B41	179/551	Ana Belén García Rivera
Bancada peixe	B37	212/551	Estela Araujo Castro
Carnicería	C54	210/551	Fernando Manuel González Rodríguez
Cafetería	VCA	178/551	Gerardo Lens Fuentes
Carnicería	C13	189/551	Gerardo Rodríguez Rodríguez
Carnicería	C18	188/551	Hector Soto González
Panadería	VPA	184/551	Jesús Abalde Guiadanes
Carnicería	C19	186/551	José Antonio Beltrán Castro
Froitería	F06	190/551	José Luis Bugarín Hernández
Bancada peixe	B39	219/551	José Manuel Mariño Castro
Bancada peixe	B26	216/551	Julia Quintero Quintas
Bancada peixe	B24	5180/551	M <sup>a</sup> Alsira Lorenzo Costas
Bancada peixe	B08	199/551	M <sup>a</sup> Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B09	198/551	M <sup>a</sup> Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B30	196/551	M <sup>a</sup> Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B36	195/551	M <sup>a</sup> Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B29	197/551	M <sup>a</sup> Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B25	154/551	M <sup>a</sup> Carmen Oya Amoedo
Charcutería	C15	187/551	M <sup>a</sup> Rosario Doval Fernández
Floristería	F14	182/551	Manuel Rosario Gonzalez
Bancada peixe	B15	177/551	María del Pilar Collazo Barreras
Froitería	F05	202/551	María del Pilar Táboas Pintos

TIPO	Posto	expediente	Nome adxudicatario
Bancada peixe	B45	156/551	María Dolores Oya Amoedo
Bancada peixe	B46	157/551	María Dolores Oya Amoedo
Queixos	F04	203/551	María Manuela Táboas Pintos
Froitería	M02	209/551	María Pilar Alonso Quiñónes
Floristería	F11	201/551	María Teresa Collazo Mayor
Bancada peixe	B14	185/551	María Teresa Marcos Vidal
Bancada peixe	B21	192/551	Marli Rodríguez Lemos
Bancada peixe	B11	183/551	Penélope Rodríguez Besada
Bancada peixe	B17	176/551	Pilar Rodríguez Alonso
Golosinas	M03	223/551	Planos desenvolvemento comercial
Queixos	F03	152/551	Raúl Fontán Villanueva
Carnicería	C06	150/551	Ricardo Pérez Prado
Froitería	M07	151/550	Rosa M <sup>a</sup> Lago Alonso
Bancada peixe	B32	180/551	Susana Quevedo González
Bancada peixe	B10	213/551	Vicenta Galiana Rodríguez

**30(101).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO PÚBLICO DE MERCADO NO “MERCADO MUNICIPAL DO PROGRESO” MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCERTO E PARA A CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DOS ESPAZOS NON ADXUDICADOS EXISTENTES NO INMOBLES. EXPTE. 5470/551.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.12.13, dáse conta do informe-proposta do vogal do Tribunal Económico Administrativo, do 28.01.14, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*De acordo có disposto nos artigos 25 LRBRL e 80 LALGA é competencia dos municipios a materia de abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa dos consumidores e usuarios.*

*O Sr. Concelleiro Delegado da Area de Industria, Turismo, Cultura e Festas, D. Cateyano Rodríguez Escudero prestou conformidade á memoria xustificativa de 3 de xullo de 2013, onde se salientaban os antecedentes da presente contratación (básicamente, o feito de que o Pleno do Concello de Vigo exped 59/551, en sesión que tivo lugar o 29 de decembro de 2008 acordou “Aprobar a xestión indirecta na modalidade de concerto no Mercado do Progreso”) e as especificacións da dita contratación.*

*Remitidos os pregos xunta có resto do expediente á Asesoría Xurídica, ésta emitiu informe favorable en data 12 de decembro de 2013.*

*Remitidos posteriormente á Intervención Xeral, foron efectuadas observacións ós mesmos en informe do Sr. Interventor Xeral de datas 16/12/2013 e 23/01/14.*

*A fin de atender a ditas observacións, foron modificados os pregos e incorporados ó expediente informes do Vogal do Tribunal Económico-Administrativo de datas 27 de decembro de 2013 e 28 de xaneiro de 2014.*

*A presente Proposta efectúase coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Réxime Interior, D. Carlos López Font, en virtude da delegación para o presente asunto outorgada polo Sr. Alcalde en tanto non se produza a reincorporación do Sr. Rodríguez Escudero.*

*En base ó exposto e co fin de proceder á contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, e previa remisión á Intervención Xeral tanto da presente proposta coma dos pregos modificados e o informe correspondente, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente segundo a distribución de competencias contempladas na Lei 57/2003 de 16 de decembro de Modernización do Goberno Local, que modifica e ampla ó contido da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*1º.- Aproba-los pregos para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible.*

*2º.- Iniciar o procedemento para a contratación polo procedemento aberto, con tramitación ordinaria.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **31(102).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.